
ACTIVIDADES MUSICAIS PARA FACER NA CASA

Abril

3º-4º EP

Realizar coa axuda e supervisión dun adulto.

Podedes gravar (audio ou vídeo) e compartir as actividades que queirades (envíame o teu material, poñendo no asunto NOME e CURSO a: clasedemusica826@gmail.com)

Como vai todo, familia? Que non decaia o ánimo! Lembramos algunha recomendación para que as cousas vaian o mellor posible na casa:

- Establecer rutinas.
- Alternar tipos de tarefas (dinámicas - estáticas, grupais - individuais...).
- Repartir as obrigacións caseiras.
- Ventilar a vivenda con frecuencia.
- Explicar a situación e aclarar dúbidas aos nenos con naturalidade e normalidade.
- Mirar pouco noticias e redes sociais.
- Controlar a inxesta e a dieta para manterse saudable.
- Facer exercicios aeróbicos e de relaxación.
- Apoiarnos entre todos. Facer videochamadas con amigos e familiares.

Este mes imos intentar fabricar un instrumento caseiro. Fágovos varias propostas, elixide as que máis vos guste e adaptádeas ao material que teñades por casa. Creatividade ao poder!!

TAMBOR

Necesitamos:

- Latas, globos
- 2 pauciños (tipo palillos chinos) ou lápices por cada lata
- Tesoiras, fixo de cores ou pintura de dedos
- 2 bolas de porexpan d 2-3cm de diámetro por cada lata e pegamento tipo supergen (opcional)

Construímos:

Collemos unha lata e colocamos un globo coa boquilla recortada a modo de parche. Se temos o porexpan e os paos, pegamos as bolas nos extremos dos paos a modo de baquetas. Probamos a percutir e tensamos o globo buscando a sonoridade adecuada. Poñemos fixo arredor da suxección do globo na lata. Podemos seguir decorando co fixo ou con pintura de dedos. Listo!

PAO DE CHUVIA

Material:

- 2-3 cartóns de papel de cociña ou 4 ou máis cartóns de papel hixiénico

- Clavos, martelo, cinta de carrocerero, trozos de papel/cartón
- Millo, garavanzos, fabas, arroz, ...
- Fixo de cores, rotus, pintura de dedo

Construímos:

Collemos os cartóns e os unimos coa cinta de carrocerero a modo de tubo. Debuxamos unha hélice ao longo do tubo e colocamos sobre a mesma os clavos. Primeiro os clavamos coa man e despois co martelo a 1-2 cm d distancia. Tapamos un extremo do tubo cun trozo de cartón e sellamos con cinta de carrocerero. Eliximos o material (millo, arroz,...) que queremos botar e cantidade tapando o extremo libre e probando a sonoridade. Pechamos o extremo que queda e forramos o tubo con cinta. Finalmente decoramos.

Outros instrumentos que podemos construír (maracas, tamtam, soallas): <https://youtu.be/XSQ-fRTtbaA>

A continuación toca mover o corpo. Propóñovos este exercicio de percusión corporal:

<https://youtu.be/a5c4sIyaPpw>

Saúdos e ánimo. Leti